



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS ADSCRITO A SERVIZOS PRIORITARIOS OU ESENCIAIS DO CONCELLO DE ORDES (EXP. 2018/E001/000001)

3º EXERCICIO. Proba de galego. Proposta de Contratación

En Ordes, a 29 de xaneiro de 2019, sendo as doce horas reúnese na nave do Concello no parque empresarial de Merelle o Tribunal que ha de xulgar a **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS**, convocada por resolución de alcaldía de data 7 de setembro de 2018.

Asiste o Sr. Presidente Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal) e os vogais Srs.:

- María José Nartallo Pernas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.
- Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada municipal de obras.
- Yolanda Castro Mosquera, funcionaria escala administración xeral, subescala administrativa.

Actúa como Secretario do Tribunal, Pilar Rey Rodfs, funcionaria do Concello de Ordes.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente á celebración da proba de acreditación do coñecemento do idioma galego (nivel Celga 2, superior ou equivalente) por aqueles aspirantes que non presentaron o correspondente certificado ou título. Proba que consistirá nunha tradución de dous textos: castelán/galego – galego/castelán, obtidos do DOG nº 20, de data 29/01/2018, páxina 5558. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto, e para superalo deberá obterse o resultado de apto.

Polo tribunal procédese ao chamamento do aspirante: García Busto, Roberto, con DNI nº 7*8*5*0*H [(*) Disposición adicional sétima Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro].

Polo aspirante procédese ao desenvolvemento do proceso selectivo por un período máximo de 30 minutos.

Rematado o exercicio, polo Tribunal procédese á súa valoración, calificándose este como APTO.

Seguidamente polo Tribunal procédese a determinación de puntuación total do proceso selectivo, que será o resultado da suma dos dous primeiros exercicios.

ASPIRANTE	DNI / NIE	Puntuación 1º Exercicio	Puntuación 2º Exercicio	TOTAL (*)
García Busto, Roberto	7*8*5*0*H	10,00	7,87	17,87
Botana Villaverde, Juan Antonio	4*9*7*4*P	8,20	9,00	17,20

O Tribunal acorda que se publiquen os resultados coas puntuacións asignadas a cada aspirante no Taboleiro de Anuncios do Concello e web municipal.

Para rematar, de conformidade co establecido na base 9ª reguladora da convocatoria, o Tribunal acorda propoñer ao Sr. Alcalde a contratación do aspirante seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ASPIRANTE	DNI / NIE
García Busto, Roberto	7*8*5*0*H

O Tribunal acorda que se publique o nome do aspirante proposto no Taboleiro de Anuncios do Concello e web municipal.

RECURSOS:

- Contra o acordo do Tribunal de Selección poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de reclamacións.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as doce horas e corenta minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

O Presidente

Jesus Carreira Salvadores



A Secretaria

Pilar Rey Rodís